

NÚMERO 4/17

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE ABRIL DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Hai unha vacante sen cubrir.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión de 23-2-2017.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 2/2017, de 23-2-2017.-

2º.- Toma de posesión do cargo de concelleiro de D. Alberto Manuel García Cotelo.-

A Xunta Electoral Central, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, expediu en data 12-4-2017 credencial acreditativa de que D. Alberto Manuel García Cotelo foi designado concelleiro desta Corporación pola lista de candidatos do Partido Popular, para cubrir a vacante producida por renuncia de D^a. Nuria Castro García.-

Dado que o novo concelleiro está presente co obxecto de tomar posesión do seu cargo e que segundo dilixencia obrante no expediente o mesmo presentou as declaracións ás que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no modelo oficial aprobado polo Pleno, unha vez comprobada a credencial do concelleiro electo e tras prestar este xuramento de acatamento á Constitución na fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, a Alcaldía dálle posesión do seu cargo, pasando o novo concelleiro a tomar parte na sesión.-

3º.- Recoñecemento extraxudicial de créditos P2/2017.-

O sr. Alcalde dá conta do ditame da Comisión Xeral sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos P2/2017, que ten por finalidade atender gastos executados en exercicios anteriores que por diversos motivos non foron imputados aos orzamentos respectivos, mediante a súa imputación ao orzamento corrente.-

O sr. López Mallo di que unha vez tras outra se cometen os mesmos erros e anuncia a abstención do seu grupo polo desleixo que representa que haxa facturas non conformadas polos técnicos.-

De conformidade co ditame da Comisión acórdase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións:

Aprobar os gastos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial P2/2017 polo que se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe global de 31.988,08.- euros.-

4º.- Proposta da Alcaldía sobre instrución de expediente para outorgamento da Medalla de Ouro do Municipio á entidade ASPACE.-

O sr. Alcalde expón un resumo da proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión Xeral, de inicio do procedemento para a concesión da Medalla do Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, á entidade ASPACE polos méritos extraordinarios acumulados traballando desde 1977 a prol da mellora da calidade de vida das persoas con parálise cerebral e das súas familias, poñendo á súa disposición os recursos necesarios para promover o seu desenvolvemento persoal e a igualdade de oportunidades.-

Todos os grupos coinciden en manifestarse a favor da proposta e destacar a importancia do labor que realiza a entidade ASPACE. O sr. Anido quere dar idea do espírito desta entidade e homenaxeala facendo mención dun dos seus usuarios do que é amigo desde unha visita a aquela, Eliseo, e do seu afán de superación; quere que a proposta se tramite con carácter de urxente.-

Sometido a votación o ditame da Comisión sobre o asunto da Orde do Día, apróbase por maioría, con nove votos a favor e cinco en contra, o seguinte acordo:

1º.- Ao abeiro do artigo 18.2 do Regulamento municipal de Honras e Distincións, acórdase requirir ao Alcalde Presidente para que decrete o inicio do procedemento para a concesión da Medalla do

Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, á entidade ASPACE polos méritos extraordinarios que se considera concorrentes nela.-

2º.- Que unha vez redactada a correspondente proposta polo Instrutor e sometida a mesma á regulamentaria tramitación, se dea conta do expediente ao Pleno para adopción da resolución que proceda.-

Control de Órganos de Goberno:

5º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 27-3-2017 a 21-4-2017.-

6º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

6.1.- Moción dos grupos Sadamaioría, PSdG-PSOE e BNG sobre solicitude de execución inmediata de actuacións de recuperación e mellora ambiental na Praia de Sada.-

O sr. Alcalde expón a moción conxunta dos grupos Sadamaioría, PSdG-PSOE e BNG sobre solicitude de execución inmediata de actuacións de recuperación e mellora ambiental na Praia de Sada, xustificando a urxencia da mesma na importancia que para Sada ten este investimento, que ven sendo adiado de xeito inxustificable.-

Efectuada votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, expoñendo acto seguido o sr. Alcalde o contido da mesma, que ten orixe na publicación o pasado 15 de abril da resolución do Ministerio de Agricultura e Pesca pola que se desiste do contrato de Actuación ambiental na Ría do Pedrido, fase I, Praia de Sada, despois de dous anos desde que se anunciase a licitación destas obras.-

O sr. Suárez quere lembrar que hai mais de 14 anos que o Concello agarda por esta obra, cuxa urxencia e necesidade están fóra de dúbida, e o Ministerio debe asumir a responsabilidade que lle compete e deixar de adiar algo que é de vital importancia para o futuro turístico, económico e medioambiental de Sada. O sr. Gómez manifesta a conformidade do seu grupo coa moción, xa que esta obra foi promovida polo sr. Rodríguez Ares, que loitou por ela sendo alcalde. Nos mesmos termos pronúnciase a sra. Bolaño, que considera que xa é tempo de que o Partido Popular cumpra os seus compromisos con Sada. O sr. Montouto di que Sada non existe para os gobernos autonómico e estatal, que non teñen investimentos para ela nos seus orzamentos, e que o Goberno do estado engana a Sada, licitando unha obra co estudo medioambiental caducado, e dicíndolle ao actual Alcalde que o proxecto non iría mais aló de 2017, esta moción reclama que o Ministerio se poña a traballar e cese nesta tomadura de pelo. O sr. Anido di que o seu grupo vai aprobar este acordo, non así a exposición de motivos que consideran propia dunha broma, fala dos antecedentes do asunto, do proxecto común das praias da ría que había cando el chegou á Alcaldía, das xestións que fixo para implicar a varias administracións e para facer por parte de Portos un estudo que é practicamente o proxecto actual; aclara que a resolución mencionada ordena reiniciar a licitación con novo prazo de presentación de ofertas; o goberno municipal ten o apoio do grupo PP para este acordo pero non admiten a exposición de motivos.-

Efectuada votación, resulta aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- O Concello de Sada insta ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, á execución inmediata e sen maior dilación das actuacións medioambientais e de posta en valor da Praia de Sada, cos compromisos orzamentarios e coa licitación urxente e adxudicación das obras á maior brevidade posible.-

2º.- Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, así como aos grupos parlamentarios das Cortes do Estado e do Parlamento de Galicia.-

6.2.- Moción do grupo PP para continuar as xestións para a inclusión de Sada no Camiño Inglés a Santiago de Compostela.-

A sra. Salorio expón a moción do grupo municipal do PP relativa á continuación das xestións para inclusión de Sada no Camiño inglés de peregrinación a Santiago de Compostela, para que o Concello non quede á marxe disto perdendo os beneficios e axudas que se derivan de dita integración, motivo que xustifica a urxencia da moción.-

Efectuada votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, expoñendo acto seguido o contido da mesma a sra. Salorio, que agradece ao historiador Francisco Vales Villamarín o seu traballo sobre as antigas rutas xacobeas no territorio brigantino, ao seu fillo o feito de telo dado a coñecer e ao Anuario Brigantino publicalo en 2002, así como ao ex-concelleiro sr. Vázquez Portomeñe as informacións subministradas ao respecto; acto seguido, expón os termos do acordo a adaptar.-

O sr. Suárez afirma que o goberno municipal está traballando para que ese recoñecemento de Sada como parte do Camiño Inglés sexa efectivo, baseado no rigor histórico de traballos coma o do sr. Vales Villamarín e en actuacións coma a alegación que fixeron ao Plan Xeral en tramitación, no que había unha total ausencia de previsións sobre a inclusión de Sada no Camiño Inglés. Di que o goberno municipal propón unha emenda a esta moción, que pasa a expoñer e na que se inclúe como primeiro punto facultar ao sr. Alcalde para iniciar contactos coa Xunta e en segundo lugar se insta a esta a traballar no recoñecemento de Sada como parte do Camiño Inglés.-

O sr. Gómez afirma que é falso o que di a moción respecto de que en 2013 o PP reivindicou o papel de Sada como inicio do camiño inglés, posto que isto foi impulsado polo concelleiro D. José Angel Sánchez López, membro do grupo PDSP, quen publicou unha nota de prensa ao respecto, así como logo o concelleiro do BNG D. Manuel Pérez Lorenzo presentou unha moción.-

A sra. Salorio di que o seu grupo admite, pos suposto, a emenda, o que queren é que Sada estea integrada no Camiño Inglés.-

O sr. Alcalde somete a votación a emenda, resultando a mesma aprobada por unanimidade e quedando adoptado, en consecuencia, o seguinte acordo:

1º.- Facultar ao sr. Alcalde para que inicie contactos coa Xunta de Galicia encamiñados á inclusión de Sada no Camiño Inglés de peregrinación a Santiago de Compostela.-

2º.- Instar á Xunta de Galicia a explorar a posibilidade de recoñecer oficialmente a Sada como parte do Camiño Inglés e, baseándose no rigor histórico, a dotar dos materiais e infraestruturas necesarias a esta ruta, conxugando o valor económico da mesma coa posta en valor do Patrimonio Histórico que esixe.-

7º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Pregunta, en relación coas multas a locais comerciais de hostalería por horarios de peches que entrega a Policía Local na Alcaldía, se hai xustificante de entrega e selos co rexistro de entrada da Alcaldía, ao que o sr. Alcalde responde que non, afirmando o sr. Gómez que entón a Policía Local actúa coma fedatario público nese caso.-

2) Pregunta se no mandato do período 2007–2011, sobre se D. José Luis Fernández Fernández era letrado do Concello de Sada, ao que o sr. Alcalde contesta que si o era.-

3) Pregunta se no ano 2009 se pagou unha factura á empresa “Defensa Pública Abogados S.L.”, en concepto de asesoramento técnico de proxectos para o Concello de Sada e que tipo de asesoramento xurídico presentou este gabinete xurídico de Madrid, ao que o sr. Alcalde responde que descoñece eses datos e terá que consultar.-

4) Pregunta ao sr. Tenreiro sobre os pasos seguidos para colocar un banco no castro de San Mamede, en Carnoedo, e quen foron as persoas responsables de dita colocación, se hai autorización para a roza e tala de árbores nas propiedades privadas e autorización de Patrimonio, ao que o sr. Tenreiro di que lle contestará por escrito.-

5) Pregunta ao sr. Alcalde, en relación co dito no pleno pasado sobre que co recheo das Brañas tapouse o Río Riobao, quen foi o responsable de tapar o dito río.-

A sra. Pose fai as seguintes preguntas:

1) Pregunta en relación co accidente que houbo este mes na pista de skate, se houbo algunha reclamación patrimonial ou de outro tipo contra o Concello por este accidente, e pregunta tamén sobre os motivos da retirada da pista de skate, ao que a sra. García responde que non ten coñecemento de reclamación ningunha e que a pista foi retirada por cuestións de mantemento e por estar estudando a súa posible reubicación e ampliación.-

2) Pregunta se se vai prolongar a iluminación nos pasos de cebra das parroquias, concretamente no paso de cebra de diante da Urbanización das Casas dos Mariñeiros en Fontán, ao que o sr. Alcalde contesta que xa están os proxectos para iluminalos, tanto o de Fontán na Urbanización das Casas dos Mariñeiros coma o que está diante da escola de Carnoedo.-

O sr. Tellado, en relación coa obra que se está a realizar nun tramo da Rúa do Río e a Primeira Travesía da Obra sobre a que se presentou en decembro un escrito con suxestión de melloras do proxecto, trasladado á Deputación ante a falta de resposta, pregunta por que se lle mentiu á Deputación en resposta ao requirimento desta, xa que non se cambiou o pavimento e se mantén o vial en fondo de saco. O sr. Tenreiro contesta que non hai fondo de saco ningún, pero a entrada será, posiblemente, pola Avda da República Arxentina e non pola Rúa de Venezuela, o que se fixo foi respectar o proxecto aprobado.-

O sr. García Cotelo, con referencia a unha visita do sr. Alcalde a Meirás onde os veciños lle expuxeron a necesidade dunhas beiravías na zona do Lugar do Pé do Muíño, pregunta se hai previsión de incluír esta petición no orzamento do ano que ven, ao que o sr. Alcalde contesta que houbo un acordo da Mesa de Transportes de Alcaldes de incluír as rutas intra-municipais dentro das xestións da Área Metropolitana da Coruña e se levarán a cabo o antes posible cando se cree a dita Área.-

O sr. Anido presenta os seguintes rogos e preguntas:

1) Alude á importancia do Consello Sectorial do GALP e as súas estratexias e pregunta ao sr. Alcalde se fixo algunha proposta ou proxecto e a súa situación, ao que o sr. Alcalde contesta que fixeron unha proposta para a instalación dunha zona de usos múltiples náuticos no verán do 2015, que non foi aceptada por non ter a cesión de Portos e outra proposta para facer un curso de redeiras que tampouco foi aceptado.-

2) Pregunta, con referencia á obra de substitución de redes na Rúa do Río, e en concreto á execución dun by-pass executado pola vía de urxencia por contrato menor sen publicidade, se utilizaron esta técnica máis veces, en prexuízo dos intereses do Concello, cando a urxencia de tal actuación é mais que dubidosa. O sr. Alcalde contesta afirmando a urxencia das actuacións e remite ao sr. Anido a revisar o expediente correspondente, a contratación, así coma as análises da Consellería de Sanidade sobre calidade da auga da praia, que se ve contaminada polas fugas das tubarías da rúa Venezuela.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta e sete minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-